

Ollando fóra

Justo Beramendi

Universidade de Santiago de Compostela

RESUMO: Análise das relacións “exteriores” do primeiro nacionalismo galego (1916-1936), que foron de dous tipos: as influencias ideolóxicas e as alianzas políticas. As primeiras, moi numerosas e heteroxéneas, non tiveron en cambio moito peso nunhas ideoloxías galeguistas de evolución moi autocentrada a partir da súa previa formulación rexionalista. Nas segundas, cómpre diferenciar entre a etapa 1916-1923, na que predominan as alianzas co nacionalismo catalán e en menor medida co vasco, e o período republicano (1931-1936) no que, pese ao pacto de Galeuzca e ao achegamento á Sociedade das Nacións, as de consecuencias políticas máis importantes foron as alianzas de 1935-1936 coas esquerdas españolas dentro da Fronte Popular.

Palabras chave: nacionalismo galego, relacións ideolóxicas, alianzas políticas, Segunda República, Galeuzca, Fronte Popular, Sociedade de Nacións.

RESUMEN: Análisis de las relaciones “exteriores” del primer nacionalismo gallego (1916-1936), que fueron de dos tipos: influencias ideológicas y alianzas políticas. Las primeras, muy numerosas y heterogéneas, no tuvieron en cambio mucho peso en unas ideologías galleguistas de evolución muy autocentrada a partir de su previa formulación regionalista. En las segundas conviene distinguir la etapa 1916-1923, en la que predominan las alianzas con el nacionalismo catalán y en menor medida con el vasco, y el período republicano (1931-1936) en el que, pese al pacto de Galeuzca y el acercamiento a la Sociedad de Naciones, las de consecuencias políticas más importantes fueron las alianzas de 1935-1936 con las izquierdas españolas dentro del Frente Popular.

Palabras clave: Nacionalismo gallego, relaciones ideológicas, alianzas políticas, Segunda República, Galeuzca, Frente Popular, Sociedad de Naciones

ABSTRACT: Analysis of then two kinds of “foreign” relations in the early Galician nationalism (1916-1936): the ideological influences and the political alliances. The first ones, which were very numerous and heterogeneous, did not carry weight on the ideologies of Galicia nationalism, which developed self-centering from the former Galician regionalism. With regard to the second ones, during the years 1916-1923 prevail the alliances with the Catalan and the Basque nationalisms. On the other hand, during the II República (1931-1936), in spite of Galeuzca and the rapprochement to the League of Nations, the most important alliances were agreed to Spanish left wing parties in 1935-1936 inside the Popular Front.

Keywords: Galician nationalism, ideological relations, political alliances, II Republic, Popular Front, League of Nations.

O obxecto destas páxinas son as relacións “exteriores” do primeiro nacionalismo galego (1916-1936) dentro do ámbito da política. Relacións que poden ser de dúas clases: as ideolóxicas, isto é, as influencias de ideoloxías e ideólogos alleos ou do exemplo doutros nacionalismos análogos que inciden na conformación do seu discurso, dos seus programas e das súas actitudes; e as propiamente político-organizativas, das que excluiremos as dúas experiencias principais (a Triple Alianza de 1923 e Galeuzca dende 1933) por seren tratadas noutro artigo. Por outra parte consideraremos dous ámbitos “exteriores” diferentes en razón da moi desigual importancia das relacións posibles: o Estado español, por un lado, e o resto dos países polo outro, que na práctica se reducen aos europeos.

1. As relacións ideolóxicas

Son moito máis numerosas que nas etapas anteriores do galeguismo político, o que non produce necesariamente unha influencia efectiva maior. Pero sobre todo son moi diversas, e por dúas causas. A primeira causa é a heteroxeneidade ideolóxica en orixe do grupo de líderes que fundan o nacionalismo, heteroxeneidade que é consecuencia tanto da propia herdanza do rexionalismo galego precursor como das circunstancias políticas do momento no que ten lugar esa fundación. De feito, case todos os ideólogos maiores da primeira etapa das Irmandades da Fala, para selo, tiveron que experimentar antes unha conversión cuasi paulina ao galeguismo dende outras ideoloxías máis ou menos afastadas pero todas de referente nacional español: Antón Villar Ponte, dende o republicanismo federal; Lois Peña Novo, dende o agrarismo socialcatólico; Antón Losada Diéguez, dende o tradicionalismo filocarlista; Vicente Risco, dende o irracionalismo filosófico e querencias esotéricas varias; Castelao dende o conservadurismo maurista, etc. E para complicar máis o cadro, mentres algún conserva sempre a súa ideoloxía básica de partida e só cambia de nación como Losada Diéguez, outros evolúen moito despois neste aspecto. Uns, como Peña Novo e Castelao, cara a esquerda; outros, como Risco, cara a dereita. En todo caso, haberá que agardar á xeración seguinte, a dos Bóveda, Fernández del Riego, Carballo Calero, Filgueira ou Tobío, para termos os primeiros *nativos* nacionalistas.

A segunda causa, consecuencia da primeira, é que, baixo o teito común da asunción da idea de que Galicia é unha nación obxectiva e como tal un suxeito lexítimo de soberanía con dereito ao autogoberno e ao desenvolvemento da súa identidade nacional, este primeiro nacionalismo conserva unha gran diversidade ideolóxica durante toda a súa existencia, isto é, até a Guerra Civil e a posguerra. Repasemos, xa que logo, as consecuencias cara a fóra desa diversidade.

Empecemos polas fontes non galegas nas que vai bebendo quen sen dúbida é o máis inqueda intelectualmente e o contribuínte maior á construción do ideosistema nacionalista, nomeadamente das partes deste que son nexos de unión entre mentalidades noutros aspectos contrapostas de abondo: Vicente Risco.⁽¹⁾ Como xa se describiu tantas veces⁽²⁾, o Risco xove inicia a súa andaina intelectual como adepto aos modernismos estéticos e literarios, ás teosofías

(1) Un estudo máis completo da evolución ideolóxica de Risco en Beramendi (2007: 469-500).

(2) Vid. Casares (1981:15-49), Bobillo (1981: 85-91) e Beramendi (1981: I, 114-130).

e filosofías orientais e a canto exotismo lle saíse ao paso. El mesmo (1933) dános a nómina das súas lecturas xuvenís. Entre os literatos, Baudelaire, Rimbaud, Ruskin, Poe, Péladan, Huysmanns, D’Ors, Tagore, así como o ultranacionalista D’Annunzio, “uneco italian qu’entraba na nosa preferenza”; e entre os filósofos, ante todo o irracionalista Nietzsche, o seu mestre maior de partida, e tamén “algúns místecos que nos descubría Maeterlinck, como Ruysbroeck o admirábel, Novalis, Emerson, Ernesto Hello”. En consonancia con esta selección está a que será unha actitude que ficará inalterable a través dos seus cambios ideolóxicos posteriores: a descalificación de toda a historia do pensamento occidental baseado na razón, dende os gregos ós nosos días. Por iso chama a Hegel “gran tautólogo e filosofastro” e por iso ataca aos ilustrados, especialmente Rousseau, a quen en 1930 fai responsable último da crise de valores e da conflictividade revolucionaria de Occidente (1934: 254) Na mesma liña refuta a Darwin (1934: 299), a H. G. Wells, aos franceses da *Revue de synthèse historique* ou aos da escola de Baden, Windelband e Rickert. En cambio, gaba a Bergson, Spengler, Fröbenius e Keyserling porque o seu pensamento está impregnado “d’irracionalismo, ou, en senso metafísico, de vitalismo”. De aquí tamén os seus eloxios ao romanticismo, que opón positivamente ao negativo clasicismo (1934: 102-103) e a súa identificación co saudosismo de Teixeira de Pascoaes.

A súa conversión ao nacionalismo galego en 1917 lévao a estudar a fondo os seus precursores, nomeadamente a Murguía, como non fará ningún dos seus compañeiros de xeración. A isto súmase a partir de 1921 o crecente peso que vai adquirindo no seu pensamento o catolicismo político, que acabará sendo o compoñente maior da súa *imago mundi*, aínda que nunca renunciará totalmente nin ao irracionalismo nin siquera ás querencias por teosofías e ocultismos. Como tampouco non renunciará a procurar na oferta europea os alicerces intelectuais máis acaídos á súa nova fe nacionalista e anti-esquerdista, que atopa no que el chama “pensamento moderno” francés (Maurice Barrès, Gustave Le Bon, Leon Duguit, Charles Brun), no portugués António Sardinha ou mesmo no venerable e reaccionario Joseph de Maistre. E para a súa visión da historia e o seu concepto de nación bebe tamén en numerosas fontes externas afíns, amén das galegas: Spengler, que ven reforzar a influencia orixinaria de Nietzsche e a corroborar conclusións ás que Risco xa chegara pola súa conta; Herder, Savigny e a escola histórica alemana; Herbert Spencer e a súa teoría da evolución superorgánica; o determinismo xeográfico de Ratzel; o conde de Gobineau, etc. E por suposto rexeita as visións “mecánicas” ou “metafísicas” da historia, saco no que mete a Lucien Febvre, Durkheim, Vidal de la Blanche e *tutti quanti*. (Risco, 1928, 1930, 1934).

Non hai no nacionalismo galego de anteguerra, nin na dereita nin na esquerda, ningún outro ideólogo cun nivel de lecturas, e polo tanto de influencias externas tan diversas por aceptación ou por negación, comparable o de Risco.⁽³⁾ Pero isto non implica que os demais deixasen de ollar fóra, aínda que fose menos. Na banda dereita, salienta unha forte continuidade, non exenta de cambios modernizadores, co tradicionalismo socialcatólico da fase rexionalista. En consecuencia, a dereita nacionalista mantén a “concepción católica do mundo” como núcleo central da súa ideoloxía de base e con esa guía procura apoiaturas intelectuais en España e en

(3) Con excepción de Johan Vicente Viqueira na esquerda, a quen a súa prematura morte en 1924 lle impediu ter unha influencia duradeira sobre o conxunto do nacionalismo.

Europa.⁽⁴⁾ O caso máis claro neste sentido é o de Antón Losada Diéguez que só se aparta en contadas ocasións das fontes católicas tradicionais para citar a uns poucos franceses (Gustave Le Bon, Léon Duguit) e algún catalán (Joan Maragall) e irlandés (Terence Mac Swiney).⁽⁵⁾ Un caso intermedio é o de Ramón Otero Pedrayo quen, ademais de compartir boa parte das súas lecturas con Risco e de amosar unha curiosidade universal por todas as novidades literarias do seu tempo, ten unha predilección específica por clásicos franceses do século XIX, como Cha-teaubriand ou Gobineau.

Pasemos á esquerda. Mentres vive, Johan Vicente Viqueira é unha sorte de contrapeso teórico de Risco. O seu idealismo filosófico rexeita a neoescolástica, “filosofía cadavérica”, e quere tamén superar “el positivismo (ya bien muerto)”, pero sen caer no irracionalismo que, segundo el, dá lugar a un “falso aristocratismo” e á “fantástica filosofía de la historia” dun Spengler ou dun Nietzsche, aos que critica con rigor (1930: 35, 41). Nesa procura dunha filosofía “que tiene que ser de hoy, no una imposible renovación de anacronismos”, os seus grandes mestres son Edmund Husserl e o seu idealismo fenomenolóxico-trascendental que entende a filosofía como ciencia, non dos feitos, senón das representacións psíquicas dos feitos; e Henri Bergson, “el más genial de los filósofos modernos”, que supera o positivismo concebindo a filosofía como intuición metódica. Esta exaltación do psíquico explica tamén a nómina dos seus mestres menores: Fechner, para quen a psicoloxía desembocaba nunha metafísica inductiva; W. James e a súa psicoloxía fisiolóxica; Georg Simmel e o seu subxectivismo relativista, antecedente tamén de Ortega y Gasset; Hermann Lotze, para quen a espiritualidade, en canto ser esencial das cousas, era base de toda metafísica verdadeira; e Wilhelm Wundt e a súa psicoloxía dos pobos (1930: 41, 48-49). E xa no ámbito hispánico, Viqueira amósase en liña coas receitas krausistas para o progreso social e moi en particular coa obra de Francisco Giner de los Ríos.

Nos demáis dirixentes da banda esquerda daquel primeiro nacionalismo é unánime tanto a negación do irracionalismo risquián⁽⁶⁾ como a actitude respecto dos autores tradicionalistas que, no que atinxe á política e á historia, só son mencionados positivamente cando se trata de xustificar o concepto organicista de nación ou as bondades da descentralización. En cambio, abundan os eloxios e as referencias de apoio a moi variadas figuras do liberalismo dende clásicos como Tocqueville a políticos contemporáneos como Canalejas.⁽⁷⁾ Pero a nómina completa dos autores que citan demostra que beben en tres grupos maiores, nos que predominan os autores hispánicos:

- » a) O republicanismo federalista. Fóra de citas illadas doutras figuras como Salmerón e Castelar a prol da autonomía, céntranse en Pi i Margall que conserva intacta a influencia que xa se detectaba no rexionalismo finisecular.⁽⁸⁾ Por exemplo, Castelao (1961: 57, 141, 160, 202, 420), malia as súas críticas ao concepto liberal puro de nación que usa Pi,

(4) É certo que nalgúns sonan de cando en vez ecos do irracionalismo por influencia de Risco. Tal é o caso, por exemplo, dun Ramón Otero Pedrayo cando eloxia a análise de Nietzsche sobre a evolución da cultura grega, se apoia en Spengler para falar de “anhelo faústico” e para valorar o barroco, ou xulga negativamente o racionalismo europeo. En todo caso, as filosofías irracionalistas, incompatibles co recio neotomismo católico, son marxinais nesta tendencia, salvo en Risco.

(5) Vid. Os estudos introdutorios a Losada, 1985.

(6) Por exemplo, Castelao (1961: 247-248) rexeita a Spengler.

(7) Vid., por exemplo, Ramón Villar Ponte (1933: 90) e Lois Peña Novo (1921a: 9).

(8) Vid. Ramón Villar Ponte (1921:72-79; 1933:13, 21-26, 44, 55, 79, 91) e Luis Peña Novo (1928).

non atopa impedimento ideolóxico para gabalo arreo e mesmo para utilizalo como proba da viabilidade dunha hipotética alianza entre anarquistas e nacionalistas na defensa dos dereitos nacionais de Galicia.

- » b) O rexeneracionismo. Peña Novo coloca a Joaquín Costa xunto a Pi no cumio dos ideólogos españois contemporáneos, cartéase con Julio Senador, unha das poucas sinaturas non galegas que aparece con certa asiduidade en *A Nosa Terra*, do lado da non menos significativa de Henri George. A influencia de J. Senador é patente tamén en Francisco Vázquez Enríquez (1919) e Castelao citao con aprobación (1961: 414). O recurso a Joaquín Costa non é privativo de Peña Novo. Aínda que o seu españolismo lle trae algunha crítica estritamente relativa a este punto, como a de Castelao (1961: 299), as súas ideas concitan máis adhesións que rexeitamento nos galeguistas que até reivindicán para el un autonomismo máis que dubidoso, como fai R. Villar Ponte (1933: 98-102), pero a quen, en calquera caso, consideran máxima autoridade en materia de caciquismo e rexeneración (L. Peña Novo, 1921a: 36, 52).
- » c) Certos nacionalismos peninsulares e europeos. Por un lado está o exemplo político dos movementos nacionalistas, e neste sentido todos valen, especialmente o irlandés, nun momento en que as consecuencias da Gran Guerra crean nada menos que quince novos Estados-nación en Europa por desintegración dos imperios ruso, otomano e austro-húngaro. Porén, o catalanismo salienta sobre o resto como modelo político a emular, se cadra pola súa proximidade e modernidade e por conseguir coa Mancomunidade un mínimo de institucións propias das que, ademais, destácase o seu carácter democrático.⁽⁹⁾ É moi significativa, en cambio, a escasez das mencións do exemplo vasco, o que contrasta coa actitude contraria dos católico-traditionalistas a partir de 1931 e co euskarismo que sempre caracterizou a Losada Diéguez.

Por outro lado está o recurso teórico aos ideólogos doutros nacionalismos para a construción da propia doutrina. Nisto, como xa acontecera nas fases anteriores, os autores extrapeninsulares son maioría. Ignórase por completo aos vascos, dos que non atopei nesta tendencia unha soa cita, e tampouco son moi frecuentes as referencias aos catalanistas. Peña Novo é un dos poucos que parece tomarse a molestia de ler a Prat de la Riba, ou alomenos de mencionalo positivamente, aínda que son moi claras as súas preferencias polo catalanismo republicano dun Gabriel Alomar (1921b; 1921a: 9). En conxunto, logo dunha breve fascinación por Francesc Cambó que axiña cambia a xenreira, os galeguistas demócratas desvían as súas simpatías cara a esquerda do catalanismo, o que dá lugar a unha presenza crecente de Antonio Rovira i Virgili e afíns nas páxinas de *A Nosa Terra*.

Alén os Pirineos, agás Renan, non hai mención dos autores franceses do século XIX que tanto influirán en Murguía. Verbo dos alemáns, só aceptan plenamente a Herder e en menor medida a Fichte, pero Savigny, a escola histórica e os seus epígonos están ausentes ou mesmo son, xa no período da República, refutados expresamente polas súas connotacións dereititas. En cambio, explícitase a afinidade cos que predicán unha estrutura política liberal para a nación

(9) L. Peña Novo (1921a: 21-29) recoñece que o seu modelo de Mancomunidade galega baséase no exemplo e na experiencia de Cataluña, que cambia só naquelo que coída necesario para adaptalo ás peculiaridades de Galicia. E ensalza a natureza democrática e o respecto ás minorías da institución catalana.

orgánica, especialmente os italiáns Mazzini e Mancini, como fan Peña Novo (1921b) e F. Fernández del Riego (1934; 1935). Tampouco anoxa a fórmula staliniana, que se cre propia de todo o materialismo histórico. É ben sabido que Castelao asume dende 1935 a definición de Stalin, “porque, a este respecto, é un autor libre de ofuscacións filosóficas” (1961: 39).

E isto enlaza con outro aspecto: as numerosas mencións positivas que fan os nacionalistas democrátas das ideoloxías situadas á súa esquerda. Ora nos anos vinte, ora nos trinta, adoitan incluír na nómina de autoridades que axudan a probar as bondades do federalismo e do principio das nacionalidades a socialistas premarxistas como Proudhon, persoeiros da II Internacional (Jaurès, Bebel, Vandervelde) e socialistas españois que se pronuncian a prol de descentralizar o Estado (Fernando de los Ríos, Araquistain, Besteiro).⁽¹⁰⁾ Acolle tamén con simpatía o recoñecemento do dereito de autodeterminación pola III Internacional e a súa aplicación por Lenin, e poñen a estrutura federal da URSS como exemplo de solución idónea dos conflitos inherentes aos Estados plurinacionais, e sen que en ningún momento interpreten todo isto, á maneira tradicionalista, como unha arteira artimaña do comunismo para instrumentar os nacionalismos no seu beneficio.

Con todo, e a modo de conclusión deste apartado, creo que o peso de todos estes intercambios ideolóxicos sobre o devir do galeguismo político destas décadas é sorprendentemente pequeno (Beramendi, 2007: 501-560). Á parte da publicación dun certo número de fragmentos de textos catalanistas en *A Nosa Terra* (non así en *Nós* que só admite de fóra textos portugueses), segue ausente nesta fase a verdadeira incorporación de elaboracións teóricas catalanas ou vascas ao ideosistema nacionalista galego. Realmente todos parecen seguir ao pé da letra o consello de Vicente Risco (1920):

non queremos pr'o nacionalismo galego unha ideoloxía traguida d'afora, senón feita por nós mesmos, sacada das arelas internas da y-alma do pobo galego. O noso nacionalismo, pra ser algo, ten que ser un galeguismo, e non un euskarismo ou un catalanismo traducidos â nosa fala. D'esos nosos irmaus da imensa Hespaña, queremosol-o eixemplo de rebeldía y-o acordo pr'a aución común, si é que compre, mais non as direitricas mentaes da nosa intención nacionalista.

E de certo, a ideoloxía nacionalista no seu conxunto aliméntase sobre todo da súa propia tradición, que evolúe seguindo unha dinámica moi autocentrada. E ademáis, agás no relativo á pura afirmación nacional, as influencias externas algo significativas chegan curiosamente de ideoloxías que se moven no ámbito do españolismo, e nomeadamente do tradicionalismo, o rexeneracionismo e o republicanismo.

2. As relacións políticas

Empecemos polo ámbito do Estado español. Até 1923 coa Triple Alianza as relacións propiamente políticas co nacionalismo vasco son practicamente nulas, en correspondencia co

(10) Vid., entre outros, R. Blanco Torres (1922), quen invoca a Jaurès, Bebel e Vandervelde en apoio da súa tese da inevitabilidade biolóxica das nacións; R. Villar Ponte (1929; 1933: 90) fai o propio con Proudhon, Fernando de los Ríos e Oscar Pérez Solís; F. Fernández del Riego (1934) basea o seu federalismo en Proudhon; e A. R. Castelao (1961: 436-437) apoia a postura de Besteiro sobre o problema nacional en España.

que xa vimos coas ideolóxicas. Todo o contrario que co nacionalismo catalán, seguindo o ronsel do que xa acontecera na etapa rexionalista.

A vontade das Irmandades de estableceren unha alianza co catalanismo é moi temperá, nun sinal máis do seu compoñente continuista respecto da época da Solidariedade. Os primeiros contactos fan anunciar en novembro de 1916 unha próxima visita dos líderes cataláns a Galicia. A viaxe demórase pero nos primeiros meses de 1917 hai indicios claros de colaboración. En xaneiro, Francesc Cambó, líder da Lliga, defende no Congreso o ferrocarril da costa, o que dá pé a unha fervenza de eloxios en *A Nosa Terra*. En outubro, atendendo unha petición das Irmandades, fai xestións para o envío urxente de sal aos labregos de Lugo. *La Veu de Catalunya* empeza a informar da actividade galeguista e en *A Nosa Terra* proliferan as adhesións á política da Lliga e os chamamentos a seguir o exemplo catalán. Mesmo publica un artigo de Cambó escrito ex-profeso.⁽¹¹⁾

Por fin, en setembro, no ronsel da gravísima crise provocada pola Asemblea de Parlamentarios de xullo en Barcelona e da folga xeral de agosto, Cambó visita a Irmandade da Coruña e outros lugares de Galicia, na procura de aliados fóra de Cataluña. Na reunión entre Cambó, Antón Villar Ponte, Rodrigo Sanz e outros fragua a alianza e prográmanse as campañas dos meses seguintes. A primeira fase desa campaña foi a semana dedicada a Galicia en Barcelona que organizou a Lliga e na que participou a plana maior das Irmandades. Na entrevista con Cambó, entre outras cousas, este autorizou a Antón Villar Ponte a intentar a compra do xornal *El Noroeste*.

Días despois os cataláns devolveron a visita. A fama política dos seus líderes puxo no poleiro ás Irmandades, pois toda a prensa galega tivo que salientar en primeira páxina as andanzas de Cambó e dos seus segundos, Comas e Rahola, por terras galegas. O 14 e 15 de decembro houbo dous mítins no Teatro Rosalía de Coruña; o 17, un no Teatro de Santiago, amén dunha recepción oficial no Concello e unha ofrenda no monumento a Rosalía; o 21, Cambó protagonizou o mítin de Ourense e no banquete que se organizou na súa honra, Vicente Risco falou galego en público por primeira vez.

Ao parecer, os cataláns marcharon satisfeitos da experiencia e convencidos de que pagaba a pena arriscar algo de tempo e de diñeiro en axudaren a crear un galeguismo político á súa imaxe e semellanza. Co fin de que este tivese un xornal propio, continuaron as xestións para a compra de *El Noroeste*, que se adquiriu efectivamente no mes de xaneiro e iniciou a súa nova andaina a primeiros de febreiro baixo a dirección de Antón Villar Ponte quen, con tal motivo, saíu da redacción de *La Voz de Galicia*.⁽¹²⁾ Tamén quedou establecida en firme a alianza electoral, o resultado máis tanxible, pois as Irmandades, alentadas por este apoio e polos beneficios propagandísticos da visita, considerábanse agora con forzas para lanzar o seu primeiro asalto á cidadela do *turnismo* en Galicia.

Na organización e orientación da campaña electoral das Irmandades en xaneiro e febreiro de 1918 quen decidiu sempre en última instancia foi Cambó, aínda que delegase en Rodrigo Sanz a coordinación e en Lois Porteiro certas decisións políticas concretas e boa parte do peso

(11) Vid. os números 9, 20, 23, 25, 30 e 38.

(12) Segundo *Diario de Galicia* de Santiago (31-I-1918) “los catalanistas” adquiriran o xornal por 160.000 ptas. e Pere Muntanyola se instalaría na Coruña para administralo.

da organización.⁽¹³⁾ Nos primeiros momentos fixéronse uns obxectivos moi ambiciosos que foron mingando no decurso das semanas. Na Coruña, a Irmandade, presionada por Cambó, decidiu presentar ao tradicionalista Antonio Valcárcel, no canto do fundador e florrepublicano Antón Villar Ponte, candidatura que acabou fracasando e esta vez por mor das crecentes disensións internas do grupo coruñés. En Santiago, a dividida Irmandade tampouco tiña folgos para armar unha candidatura na cidade así que os irmandiños acabaron presentando a Francisco Vázquez Enríquez por Noia, o seu distrito natal. En Ferrol, acordouse presentar un candidato *anticunero*, o enxeñeiro e mariño ferrolán Leopoldo Cal, que se someteu á consideración doutras asociacións da cidade. Que saibamos, só obtivo o apoio da Liga de Amigos, presidida polo galeguista Manuel Comellas. E isto non abundaba para poder competir electoralmente.⁽¹⁴⁾ En Pontedeume, Rodrigo Sanz non tivo dificultades en ser proclamado candidato co apoio do agrarismo do distrito e da propia Federación de Sociedades Agrarias de Ferrol-Pontedeume.

Na provincia de Ourense, Rodrigo Sanz intentou que Losada e o seu grupo presentasen candidatos en Bande, Carballiño (o propio Losada), Celanova, Xinzo, Ribadavia, Tribes e a capital, aínda que para logralo fose preciso aliarse cos mauristas e presentar algún crego rexionalista, como o de Nogueira. Pero as forzas non daban para tanto e finalmente todo quedou na candidatura de Lois Porteiro por Celanova e no apoio á do xove maurista José Calvo Sotelo polo Carballiño, unha vez que Losada decidira presentarse polo distrito da Estrada.

En Monforte, Cambó ordeou que non se loitase contra dos mauristas, e como estes non querían ceder, Banet Fontenla manifestou por carta a Losada a súa perplexidade perante o feito de que as súas Irmandades, que naceran entre outras cousas para loitaren contra do caciquismo, tivesen que apoiar alí aos que “chámanse mauristas, pero ben sabe vosté que son caciques, e o deputado cunreiro”. Non sabemos qué respostou Losada, pero si que en Monforte non se presentou ningún galeguista.⁽¹⁵⁾

En resumo, finalmente as Irmandades só presentaron candidatura propia en catro distritos: Pontedeume, Celanova, A Estrada e Noia, amén do apoio aos mauristas en diversos lugares e aos republicanos na Coruña. Ao cabo cumpríronse os temores, expresados por Porteiro a Losada, de que con tanta alianza os demais aproveitarían o traballo propio. Con todo, aprestáronse a gañar polo menos neses lugares e volcaron alí toda a súa imaxinación e todos os seus recursos. Pero o caciquismo demostrou que non era un invento da oposición e usou tódalas súas armas, incluídas as coaccións e o reventar a paos mítins galeguistas en Celanova. O 24 de febreiro, as

(13) Así se deduce da correspondencia que coñecemos, toda conservada nos papeis da familia Losada no Pazo de Moldes. Por exemplo, o 6 de xaneiro, Porteiro comunica a Losada que Cambó autorizóuno a colaborar en *La Región* e que o responsabiliza das candidaturas e a campaña na provincia de Ourense, “e ti debes informar a Cambó de todo para que el teña tino coa xente. Comprende que doutra maneira non é posible». A actitude dos cataláns rozaba ás veces a altanería. Por exemplo, o secretario político de Cambó escribe a Losada o 16-I-1918: “Considero ocioso entrar en explicacións sobre la candidatura regionalista de su provincia teniendo en cuenta que D. Rodrigo Sanz ha llevado instrucciones del Sr. Cambó”. Todo se controlaba dende Barcelona, ata a edición e envío dos carnets dos interventores.

(14) *La Voz de la Liga*, 2 e 10-II-1918.

(15) Este desconcerto de parte dos irmandiños resulta tanto máis comprensible se temos en conta os plantexamentos político-nacionais cos que se presentaban os mauristas. Por exemplo, no manifesto electoral de Calvo Sotelo no Carballiño (*O Tio Marcos d'a Portela*, nº 25, 21-II-1918, p. 1), este “candidato maurista-rexionalista” expresaba así as súas motivacións: “Sonó la hora de renovar los hombres que vienen gobernando nuestra Patria. Los tiempos que corren y los que se avecinan son de mucho peligro para la nación española, amenazada de una revolución sucia, que no deje piedra sobre piedra, reduciéndonos a la triste condición de Rusia, o bien a ser conquistada después de una guerra, por una de las naciones beligerantes, codiciosa de dinero”. Á parte deste alarmismo españolista e dereitista, só ofrecía un modo máis honesto de gobernar.

Irmandades, malia acadaren votacións moi aceptables en Pontedeume e Celanova, non conseguiron un só deputado. O puchirazo foi especialmente escandaloso neste último distrito.

As consecuencias desta primeira experiencia electoral non puideron ser máis negativas. En primeiro lugar, o feito de que os únicos en quitar tallada fosen os aliados (por exemplo, Calvo Sotelo no Carballiño que iniciou así a súa meteórica carreira política) e o sufriren nas propias carnes a violencia caciquil alimentaron a tendencia preexistente a desconfiaren das alianzas e, sobre todo, a consideraren politicamente pouco rendible a acción electoral. A segunda consecuencia foi a retirada gradual da axuda catalana, dado que os aliados galegos daban uns resultados políticos máis que dubiosos. Os cataláns mesmo lle deixaron algunhas facturas sen pagar ao pobre Porteiro, que non andaba precisamente sobrado de cartos. Porén, o proceso de ruptura coa Lliga foi lento e complexo.

Despois da I Asemblea Nacionalista (Lugo, novembro de 1918) a alianza cos cataláns pasou a mellor vida e só restaron algunhas relacións persoais que explican, por exemplo, que o presidente da Mancomunitat, Puig i Cadafalch, escribise o limiar da *Doctrina Nazionalista* de Ramón Villar Ponte, por mediación do seu irmán Antonio. Con todo, en 1919 e 1923 Cambó intentará, sen éxito, repetir a experiencia electoral de 1918. Este radical cambio de actitude verbo da Lliga e de Cambó manifestábase con moita maior dureza en privado. E así Vicente Risco, nunha carta a Losada (20-XI-1921) decía: “o Cabanillas escribiu ô Roberto Blanco Torres dando a voz de alerta de que Cambó o roñoso xudío, quer dar unha chea d’atribucións ás diputacións provinciais. Di que é de nós de quen debe partila campaña contra diso. Eu fai tempo que che quería falar d’ises proieutos arancelarios do nefasto ex-catalán que van a afundir a Galiza”.

De feito, as preferencias ideolóxicas e políticas da maioría do nacionalismo galego empezaron a orientarse cara un catalanismo máis radical que o da Lliga. As mostras en *A Nosa Terra* non son moitas pero si significativas: tradución do artigo de Joan Estelrich, “A esencia do problema catalán” en abril de 1920 e doutro de Tomás Garcés, “O nazionalismo integral”, en xuño do mesmo ano; reprodución doutro deste mesmo autor en setembro no que se di que pasou a hora de procurar unha “España grande” a base da autonomía de Cataluña, Euskadi e Galicia e chegou, como en Irlanda, a de loitar só por unha Cataluña libre e forte, pois a xuventude catalana síntese “separada”; publicación en abril de 1921 dun texto de Rovira i Virgili sobre Irlanda, etc. Como ben sabemos, estes movementos culminarán en 1923 coa Triple Alianza e máis aínda coa Galeuzca de 1933, que se tratan noutro artigo.

A un nivel moi inferior sitúanse as relacións con algúns rexionalismos españois. Houbo contactos co valencianismo que, porén, non pasaron do politicamente anecdótico. E así, en marzo de 1918 a Agrupación Escolar Valencianista pediu solidariedade e axuda ás IF, o que deu lugar nos anos seguintes a intercambios de publicacións e algunha relación epistolar como a que mantivo en 1921 Ramón Villar Ponte, co gallo da saída do seu libro, con Adolf Pizcueta, presidente da Joventut Valencianista. Esta organización instou en setembro de 1922 a que se enviasen tamén telegramas á Presidencia da Liga das Nacións lembrándolle a existencia de minorías nacionais oprimidas en España. No ano seguinte, estes contactos continuaron a través do valenciano Francisco Alcayde, daquela catedrático de Lóxica no Instituto de Santiago.

Un tenor semellante tiñan as relacións co nacente andalucismo. En maio 1917, *A Nosa Terra* deu conta da existencia do Centro Andaluz Regionalista e informaba que a revista *An-*

dalucía publicara un artigo de Xaime Quintanilla. O intercambio de artigos e os eloxios ao andalucismo continuaron ese ano para eclipsarse despois. Xa na Dictadura, en setembro de 1928, Blas Infante visitou Coruña e foi obxecto dun agasallo íntimo por un “feixe de irmáns” nun banquete, “pois os tempos non permiten outra cousa”. Co aragonesismo só hai referencias esporádicas que indican unha falta total de contactos. En setembro de 1919, *A Nosa Terra* reproducía de *El Sol* un artigo sobre o rexionalismo aragonés. E en outubro de 1921, anunciaba o II Congreso de las Juventudes Aragonesistas e reproducía as bases para o goberno de Aragón aprobadas no primeiro. E como era de esperar, non atopamos referencia algunha aos rexionalismos máis claramente centrípetos (castelán, asturiano, cántabro).

Fóra do Estado español, no período das Irmandades, só hai amagos de relacións políticas con portugueses e irlandeses. No que atinxe aos primeiros, salvados algúns desafogos e moitos bos desexos, esas relacións nunca trascenderon realmente do ámbito puramente cultural: intercambio de artigos e correspondencia entre *Nós*, *A Nosa Terra*, Risco e Viqueira, por un lado, e algunhas publicacións portuguesas, Teixeira de Pascoaes, Pina de Morais, etc., polo outro; colaboración entre o portugués Instituto Histórico do Miño e o Seminario de Estudos Galegos a partir de 1923; viaxes a un e outro lado do Miño para dar conferencias e pouco máis. As derivacións políticas son nimias, como a carta de Alexandre de Córdova, militar portugués, a Vicente Risco na que se solidarizaba coa loita das Irmandades por unha Galicia ceibe;⁽¹⁶⁾ ou os actos de primeiros de setembro de 1921 na Coruña con motivo da visita do Orfeón de Porto, Leonardo Coimbra e Alexandre de Córdova, que a Irmandade anunciou sementando de octavillas portuguesistas a cidade co título ¡Viva Portugal! e o coñecido debuxo de Castela do vello e o rapaz á beira do Miño pero co pé cambiado: “Nós, sí, saberíamolo. Nós saberíamos decirlle aquele rapaz [...] que o glorioso Portugal, o povo europeo dos de estensión territorial mais pequeno con historia mais grande, é entre quantos povos forman a Península, o único verdadeiro irmao da Galiza”.

Coimbra pronunciou un discurso na praza de touros da Coruña e unha conferencia no Círculo de Artesanos onde tamén falaram Joao Peralta e Octavio Sergio. No local da Irmandade houbo unha xuntanza para estreitaren lazos. E despois dos actos públicos, segundo o relato de Víctor Casas,⁽¹⁷⁾ nunha cea á que “non foi ninguén de fora”, “lle falamos con craridade do noso movemento e si podíamos contar con eles”. Os portugueses “ofrecéronse para todo”. Un todo que se reduciría na práctica a intercambios literarios e científicos e a colaborar na venda de libros galegos en Portugal e viceversa. Iso si, “falouse en arredista. Houbo vivas á República Galaico-Portuguesa. Un d’eles deuno o mesmo Coimbra”. E logo da cea e dos berros, os portugueses fóronse... e non houbo nada.

En relación con Irlanda, na III Asemblea Nacionalista, o 18 de abril de 1921, acordouse entregar un documento de protesta na Embaixada británica en Madrid pola actuación impe-

(16) Publicada en *A Nosa Terra*, nº 133, 1-II-1921. Vid. tamén as cartas de Risco a Losada de 3-XI-1920 e 10-III-1921 (Arquivo Losada). En novembro de 1920, Cervaens propón uns Xogos Florais Luso-Galaicos en Porto para o vindeiro ano. En agosto de 1922, *A Aurora do Lima* publica un extra adicado ao Día de Galiza con colaboracións de Viqueira, Taibo, Fernández Mato, Rodríguez Elías, Lulio de Lemos, Francisca Herrera e Garrido e outros.

(17) Carta de Víctor Casas a Fermín Fernández Penzol (daquela en Madrid) de 16-IX-1921 (Fundación Penzol-Fondo Fermín Penzol).

rialista do Reino Unido, cousa que se fixo en maio.⁽¹⁸⁾ En xuño enviouse outra protesta directamente ao *premier* Lloyd George. Asemade procurouse o contacto directo cos nacionalistas irlandeses, o que se conseguiu en agosto, por medio de Miss O'Brien, do Comité Irlandés en Madrid. As relacións que se estableceron limitáronse de momento ao intercambio de publicacións e información. Na entrevista entre O'Brien e Ramón Cabanillas de outubro as Irmandades foron invitadas ao Congreso da Raza Celta, a celebrar en París ou Dublín no xaneiro seguinte. A situación interna do nacionalismo nese momento, a un mes da escisión que tería lugar na IV Asemblea, impediralles mandar representantes e terán que conformarse cun telegrama de adhesión. Antes, en decembro, O'Brien pedira a Risco un informe sobre “Medios para establecer un comercio directo entre Irlanda e Galicia”. Risco, pouco versado en economía, limitouse a enviar unha lista de produtos galegos feita por Arturo Noguero. Ao cabo, os resultados prácticos desta breve relación entre os nacionalismos irlandés e galego parecen cinguidos á publicación dun texto de irmandade histórica galaico-irlandesa no *Boletín Irlandés* de Madrid, á parte, claro está, dos ensaios de tema irlandés e as informacións que apareceron tanto en *A Nosa Terra* coma en *Nós*.⁽¹⁹⁾

Este panorama de claro illamento cambia moito nos anos trinta. O principal beneficio colateral de Galeuzca para o Partido Galeguista foi facilitar o seu ingreso no Congreso das Nacionalidades Europeas, con sede en Suíza e ligado á Sociedade de Nacións, que se viña reunindo anualmente dende 1925. Cataluña e Euskadi xa estaban representadas polos seus respectivos nacionalismos. A incorporación de Galicia permitiría dar a Galeuzca, e con ela aos tres nacionalismos, unha proxección internacional máis sólida. As xestións de vascos e cataláns perante o secretario do Congreso, Mr Amende, xustificando a candidatura galega no feito de que en decembro de 1932 a Asemblea de Municipios de Galicia aprobara o proxecto de Estatuto de Autonomía, levou a unha invitación formal deste. A pesar de que Cambó, na súa entrevista con Castelao de agosto de 1933, non lle dera ningunha importancia ao asunto, Castelao opinaba na súa carta de 14 dese mes que había que entrar e que para recabar os cartos necesarios “eu se podo dareille unha catada a Portela [Valladares]”. Dous días despois, Bóveda anotaba no seu diario: “Ingreso na Sociedade de Nacións. Hai que entrar. Falarase no próximo Consello”.

E certamente nesa sesión do Consello Executivo do PG aprobouse o ingreso. Plácido R. Castro, o membro do CE relativamente especializado nas magras relacións internacionais do galeguismo (Ríos, 2002, 2011), asistiu ao IX Congreso de Nacionalidades Europeas, celebrado en setembro. Feito que, fóra de elevar algo a propia autoestima das hostes galeguistas non trouxo o máis mínimo beneficio político ao PG, como xa previra o fino olfato de Cambó. En cambio si tivo algún efecto pernicioso sobre a alianza triangular. Estaba previsto que, cos tres socios no Congreso, Galeuzca fose presentada en sociedade. Pero o PNV non asistiu, co que a presentación non puido facerse. Cando se enterou, Manuel Irujo, firme partidario desta liña de

(18) O texto publicouse en *A Nosa Terra*, nº 140, 15-V-1921. Previamente, en outubro de 1920, a Irmandade da Coruña enviara unha mensaxe de solidariedade en galego e francés “aos irmaos irlandeses”.

(19) Cartas de Víctor Casas a Fermín Fernández Penzol. A Coruña, 23 e 24 de xuño, 24 de agosto e 29 de setembro de 1921 (FP-FFP). Carta de Ramón Cabanillas a Antón Villar Ponte, Madrid, outubro de 1921 (FP-Fondo Villar Ponte). Carta de Vicente Risco a Antonio Losada, c.10 de xaneiro de 1922 (A.L.).

actuación, ademáis de criticar á dirección do seu partido, sentenciou: “Galeuzca virtualmente ha muerto”.⁽²⁰⁾

Tamén cambian cualitativamente nos anos trinta as relacións do nacionalismo galego coas forzas políticas españolas. No primeiro bienio republicano, a coincidencia no obxectivo da República Federal facía obrigado un bo entendemento cos poucos federalistas que quedaban. Pero estes en Galicia pintaban pouco, por non decir nada. E fóra de Galicia non moito máis. Con todo, case no final da lexislatura, os deputados nacionalistas, a través de Suárez Picallo, recibiron dos federais en Madrid unha proposta para formar na cámara unha minoría autonomista-federalista, así como un bloque de partidos anticeutralistas, unha Federación Republicana Autonomista. Pero os negativos resultados das eleccións de novembro de 1933 acabaron con calquera posible negociación antes de iniciada.

A deriva antidemocrática e recentralizadora dos gobernos de centro-dereita do chamado bienio negro crearon na dirección do PG a necesidade de procurar unha alianza co republicanismo autonomista español para salvar o proceso autonómico, obxectivo que callou en 1935 en forma de pacto coa Izquierda Republicana de Manuel Azaña, primeiro paso para a entrada do PG na Fronte Popular en febreiro de 1936. Esta relación exterior, aínda que costou dúas pequenas escisións pola dereita, foi a única con consecuencias positivas tanxibles para o nacionalismo, pois asegurou a culminación do proceso autonómico en xuño dese mesmo ano (Beramendi 2007: 1.008-1.072).

Referencias bibliográficas

- BERAMENDI, Justo (1981): *Vicente Risco no nacionalismo galego*, Santiago, Ed. do Cerne, 2 vols.
- . (2007): *De provincia a nación. Historia do galeguismo político*, Vigo, Ed. Xerais.
- BLANCO TORRES, Roberto (1922): “Nacionalidad e internacionalismo”, *La Zarpa*, 22-I, p. 1.
- BOBILLO, Francisco (1981): *Nacionalismo gallego. La ideología de Vicente Risco*, Madrid, Ed. Akal.
- CASARES, Carlos (1981): *Vicente Risco*, Vigo, Ed. Galaxia.
- CASTELAO, Alfonso R. (1961): *Sempre en Galiza*. Segunda edición, Buenos Aires, Ed. As Burgas.
- FERNÁNDEZ DEL RIEGO, Francisco (1934): “Dintel xurídico-político da nación galega”, *Alento*, nº 4, outono, pp. 65-71.
- . (1935): “Esprito político e forma cultural da nova Galicia. Notas pra unha xuventude nacionalista nosa”, *Nós*, nº 139-144, xullo-dec., pp. 147-153.
- LOSADA DIÉGUEZ, Antonio (1985): *Obra Completa*, ed. de Justo Beramendi, Vigo, Ed. Xerais.
- PEÑA NOVO, Lois (1921a): *La Mancomunidad Gallega*, Vigo, Biblioteca de la revista “Mondariz”, Imp. de M. Roel.
- . (1921b): “Nacionalismo e democracia”, *Nós*, nº 4, 31-I, pp. 12-15.

(20) Unha descripción completa da relación coa Sociedade de Nacións en Ríos (1992).

- (1928e): “Pi y Margall”, *El Pueblo Gallego*, 4-XII, p. 1.
- RÍOS, Xulio (1992): *Galicia e a Sociedade das Nacións*, Vigo, Galaxia.
- ed. (2002): *Plácido Castro no centenario*, Baiona, IGADI.
- ed., (2011): *Irlanda en Plácido Castro*, Redondela, IGADI.
- RISCO, Vicente (1920): *Teoría do nacionalismo galego*, Ourense, Imp. La Región.
- . (1928): *Elementos de Metodología de la Historia*, A Coruña, Ed. Nós.
- . (1930): *El problema político de Galicia*, Madrid, Cía Iberoamericana de Publicaciones. Biblioteca Gallega, VI.
- . (1933): “Nós, os inadaptados”, *Nós*, nº 115, 25-VII, pp. 115-123.
- . (1934): *Mitteleuropa*, Santiago, Ed. Nós.
- VÁZQUEZ ENRÍQUEZ, Francisco (1919): “A política hidráulica”, *A Nosa Terra*, nº 90, 25-V, pp. 6-7.
- VIQUEIRA, Johan Vicente, (1930): *Ensayos y poesías* [ant.], A Coruña, Ed. Nós.
- VILLAR PONTE, Ramón (1921): *Doctrina Nazonalista*, Ferrol, Imp. El Correo Gallego.
- . (1929): “O sentimento nazonalista e o Internazonalismo”, *A Nosa Terra*, nº 258, 1-III, pp. 5-8; nº 259, 1-IV, pp. 5-8; nº 261, 1-VI, pp. 5-8.
- . (1933c): *Breviario de Autonomía*, Santiago, Ed. Nós.